



ANUNCIO

O Concello de Muros anuncia a convocatoria para contratar servizos para impartir as ACTIVIDADES NOS CENTROS EDUCATIVOS DO MUNICIPIO FÓRA DE HORARIO ESCOLAR mediante contrato menor:

As actividades impartiranse dende xaneiro a maio de 2019, incluídos, na Escola de educación infantil de Tal e nos Centros de ensino infantil e primario de Esteiro, Louro e Ramón de Artaza, Serres, en horario de 15:30 a 18:30 h de luns a venres e cun prezo máximo de 1600,00 €/mes (IVE incluído).

As actividades demandadas polos usuarios son: Actividades de animación para alumnado de educación infantil, Iniciación á danza (clásica e contemporánea), Iniciación á Expresión Plástica, Predeporte e Iniciación ao Atletismo.

As empresas interesadas en participar no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Alcaldesa do Concello de Muros, xunto coa proposta didáctica e económica, a documentación que acredite a súa capacidade para impartir cada actividade e unha declaración responsable indicando que non está incurso en causas ou prohibicións para contratar e estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social, o que deberá acreditar previa adxudicación. Ademais poderán presentar un Proxecto que inclúa actividades diferentes ás demandadas, ou varíe algunha delas, sempre ben xustificado e destinado a persoas de idades comprendidas entre 3 e 12 anos.

As instancias presentaranse no Rexistro de entrada do concello ata o día 12 de decembro, ás 14:00 h.

A alcaldesa

María Xosé Alfonso Torres